



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE
MAIO DE 2026, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
(Intervención telemática)	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e un minutos do día vinte e sete de maio de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22/04/2026)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día 22/04/2026 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz/a de Paz titular do Concello de Vedra (Expediente núm. 2026/X999/000080)

A Secretaria da Corporación municipal dá lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 21/05/2026 no que literalmente figura o seguinte:

“Visto que con data 16.03.2026 a Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia remitiunos comunicación interesando o inicio de expediente para a elección de Xuíz/a de Paz titular de Vedra, no prazo de tres meses, por estar próximo a vencer o período de catro anos do nomeamento de don Adolfo Otero López para o citado cargo.

Iniciado o expediente, por Resolución da Alcaldía núm. 332/26, de data 31.03.2026, aprobouse a convocatoria e as bases, publicándose con data 07.04.2026 no BOP núm. 63/26, na páxina web do concello (<https://concellodevedra.es>) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>), abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes.

Visto o certificado de Secretaría de data 08.05.2026 que consta no expediente, presentaron en prazo (do 08.04.2026 ao 28.04.2026) as seguintes persoas interesadas: D. ADOLFO OTERO LÓPEZ (R.E. 202699900000392, de data 27.04.2026).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Visto que a aprobación lle corresponde ao Pleno da Corporación conforme ao establecido nos artigos 6 do Regulamento 3/1995 de Xuíces de Paz e 101.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, co voto favorable da maioría absoluta, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñer para o nomeamento de Xuíz/a de Paz titular do Concello de Vedra ao único candidato D. Adolfo Otero López, con DNI núm. 332*****.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xunto co expediente completo tramitado. **TERCEIRO.-** Notificarlle o presentada acordo á persoa interesada.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais por unanimidade informa favorablemente a citada proposta.”

Posto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG sobre a atención sanitaria os sábados (Expediente núm. 2026/X006/000062).

A Secretaria da Corporación municipal dá lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 21/05/2026 no que literalmente figura o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Vedra enfronta unha situación que afecta directamente á prestación da atención sanitaria no municipio, especialmente no que respecta á ausencia de servizo médico presencial os sábados pola mañá e ao progresivo deterioro do edificio que alberga os servizos de asistencia sanitaria municipal.

Esta situación non responde a causas alleas ou inevitables, senón que é consecuencia directa das políticas aplicadas polo goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. A falta de planificación, a insuficiente dotación de persoal e a ausencia de medidas eficaces para garantir a continuidade asistencial están a provocar unha mingua evidente e sostida na calidade do servizo sanitario público.

Ao mesmo tempo, cómpre sinalar que esta problemática tamén evidencia unha falta de defensa real e efectiva dos intereses da veciñanza por parte do goberno municipal. O alcalde de Vedra, pertencente tamén ao Partido Popular, non está a exercer a presión institucional nin a capacidade interlocutora que lle corresponde diante da Consellería nin do goberno da Xunta para reverter esta situación. A súa actitude, máis próxima á pasividade que á reivindicación, está a contribuír directamente á perda continuada de servizos básicos no noso concello.

ACORDO DE MOCIÓN

O Pleno do Concello de Vedra, en sesión plenaria, acorda:

1.- Instar ao alcalde do Concello de Vedra a remitir de forma inmediata unha comunicación formal á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, esixindo a apertura do centro de saúde de Vedra os sábados pola mañá para atención médica presencial ordinaria, así como o inicio sen máis demoras das obras de rehabilitación comprometidas.



2.- Solicitar á Consellería de Sanidade que avalíe con carácter urxente a situación actual da atención primaria no municipio de Vedra e adopte as medidas necesarias para reforzar a accesibilidade e a continuidade asistencial, que na actualidade se atopan claramente deterioradas.

3.-Dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade e á Xerencia da Área Sanitaria correspondente, para o seu coñecemento e efectos oportunos”

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que a moción ten dous apartados diferentes.

O primeiro é recuperar a atención sanitaria dos sábados pola mañá. O feito de que falte o médico dos sábados, entende que é unha política a nivel autonómico do PP, o que xera un problema básico importante que produce unha desigualdade de clase. É dicir, por unha parte satúrase o PAC producíndose colas con pacientes doutros concellos coa mesma situación. Por outra parte xera desigualdade porque hai xente que non pode permitirse pagar un taxi ou non ten quen a leve ou non ten coche para acudir ao PAC. Os servizos vanse degradando e non se lembra do que existía antes. Esta situación xa pasou co servizo de correos, co transporte intermunicipal, co transporte escolar, etc. Parece que o Alcalde pon por diante o partido ao que pertence antes que a veciñanza.

Solicita que se lle envíe unha carta ao conselleiro esixindo a restitución dese servizo médico. Despois a decisión queda nas mans da consellería, pero cando menos que quede constancia do malestar dos veciños e veciñas.

O segundo apartado da moción ten que ver co centro de saúde de Vedra. Necesitan saber que é o que está pasando con el. Van dous anos a voltas con ese tema.

A Presidencia adiántalle que non van apoiar a moción.

En relación ás obras no centro de saúde de Vedra, di que as ten que adxudicar o concello, e se todo vai ben como o ata agora, nas próximas semanas sairá a licitación. Están pendentes dun informe técnico de supervisión da Deputación que quedaron de enviar nestes días e así poder comezar coa licitación das obras, que teñen que comezar este ano xa que hai unha parte que teñen que xustificar este ano. Por tano en relación ao centro de saúde a moción non ten sentido.

Respecto ao outro punto da moción, no segundo parágrafo da exposición de motivos onde di: “consecuencia directa das políticas aplicadas polo goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia”, a Presidencia di que iso non é certo. O voceiro nacionalista sabe perfectamente que a atención primaria atravesou unha situación complicada e difícil en toda España debido a un problema de déficit de especialistas en medicina familiar e comunitaria que afecta a todo o territorio español.

Isto sucede agora porque no ano 2023 houbo un acordo entre a Consellería de Sanidade e a mesa sectorial, onde estaban todos os sindicatos, incluído a CIG, e por unanimidade chegaron ao acordo de proceder de forma progresiva á redución de xornada dos profesionais do Sergas ata as 35 horas semanais, que tiñan que quedar implantadas a finais do 2025.

Nese acordo establecíase que eses traballadores que tiveran a xornada de mañá ou tarde se lle aplicaría esa redución na xornada dos sábados.

A área sanitaria ten que estudar todas as opcións para garantir a cobertura de atención continuada das persoas. Nese contexto de redución de xornada con sobrecarga estrutural e déficit de persoal, a única solución agora mesmo era abrir o PAC pola mañá.



No caso do centro de saúde de Vedra, hai que aclarar que o que sucedía nas mañás dos sábados era un servizo de garda, servizo de urxencia extrahospitalaria, non un servizo de atención ordinaria do paciente. Tamén había un servizo de curas, que a súa supresión si supón unha molestia para os veciños.

Recórdalle que a Presidencia si tivo unha reunión coa xerencia do Sergas, e tivo esas explicacións e comprendeu a decisión tomada. É unha cuestión de falta de profesionais, non económica.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que só faltaba que non se puidese garantir a prestación sanitaria. A asistencia os sábados pola mañá estivo décadas en funcionamento e sempre funcionou ben. A atención primaria é unha competencia da consellería e hai outras autonomías que non teñen problemas con ela.

Reitera que o Alcalde de Vedra debe defender os intereses dos veciños e solicítalle que envíe esa carta ao conselleiro.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción porque entende que é un dereito que tiñan os veciños e que acaban perdendo. O peche da atención médica presencial os sábados é unha perda real do servizo, sobre todo para as persoas maiores. O tema das curas é o máis preocupante. É evidente o deterioro da atención primaria nos últimos anos e considera que se debe facer unha defensa activa dos intereses dos veciños.

A Presidencia di que comprende as explicacións que lle deron. Quedoulle claro que non é un tema económico, senón de falta de profesionais. En calquera caso, nesa reunión tamén lle insistiu ao xerente que non houbera problemas na atención sanitaria de luns a venres, que se cubrisen con celeridade as baixas prolongadas dalgún dos médicos.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP, e cinco a favor do BNG e PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG para esixir a participación conxunta con Boqueixón na convocatoria de subvencións do proxectos estratéxicos (PR486E) e garantir o financiamento do centro de día (Expediente núm. 2026/X006/000078).

A Secretaria da Corporación municipal dá lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 21/05/2026 no que literalmente figura o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Recentemente reuniuse a mesa de seguimento do Centro de día e miniresidencia, en convocatoria urxente, promovida polo BNG de Vedra.

O obxecto da convocatoria era citar aos alcalde de Vedra e Boqueixón, ante a recente reunión que o alcalde de Vedra e o presidente da Xunta tiveron para avanzar no financiamento do centro de día (*Quixemos saber tamén, que motivou a non asistencia do alcalde de Boqueixón á reunión có presidente*)

- En relación á reunión entre o Alcalde de Vedra e o presidente da Xunta, que se vendeu en medios de comunicación como a confirmación da existencia de avances no financiamento das citada instalación, o Alcalde indicou que na reunión unicamente se falara da teórica presentación do proxecto de construción



dun centro de día a unha subvención para proxectos estratéxicos.

- Sobre a non asistencia á reunión do alcalde de Boqueixón, os dous representantes que mandou á reunión, non dixeron nada.

Revisadas as recentes convocatorias, intuimos que se trata do Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico. (PR486E), publicado no DOG: 8 de maio de 2026

A convocatoria inclúe as seguintes condicións:

- Orzamento mínimo 500.000 €, e cumprir unha das seguintes condicións:
 - Mellorar os servizos públicos (*Debe contribuír á mellora dos servizos públicos, o desenvolvemento social ou o equilibrio territorial, cun impacto supra municipal ou comarcal*).
 - Ter relevancia económica.
 - Estar incluído nun plan estratéxico aprobado polo concello.

Como un centro de día non parece que teña relevancia económica e ademais non consta que teñamos en Vedra un plan estratéxico aprobado, imaxinamos que solicitarán a subvención en razón á mellora dos servizos públicos.

Na citada mesa de seguimento, o concello de Boqueixón, negouse a participar na solicitude da subvención, polo que resulta dificilmente demostrable a supramunicipalidade do proxecto. A xustificación para non colaborar, foi que era tecnicamente imposible realizalo.

Consultada a convocatoria, obsérvase que é totalmente posible presentar o proxecto de forma conxunta entre Vedra e Boqueixón e que ademais, esta fórmula está expresamente prevista na convocatoria. (*O artigo 2.2 da Orde do 27 de abril de 2026 (DOG do 8 de maio) establece literalmente: "Os concellos poderán presentar proxectos de forma individual ou proxectos conxuntos, a través de asociacións ou agrupacións reguladas por convenio ou mediante mancomunidades"*). Polo tanto, non hai ningunha dúbida: a presentación conxunta está permitida e regulada.

Dende o BNG de Vedra, non queremos entrar nun debate estéril sobre se a reunión da mesa de seguimento foi un intento de engano por parte do alcalde de Vedra e os representantes do concello de Boqueixón, así que en beneficio da veciñanza de ambos concellos, solicitamos que a aprobe a seguinte moción:

2. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Os concellos de Vedra e Boqueixón aprobaron, no seu día e a instancias do BNG de Vedra e Veciños de Boqueixón, sendas mocións para a construción dun centro de día e miniresidencia de forma compartida, como infraestrutura clave para a atención á dependencia e a fixación de poboación no rural.
2. A Xunta de Galicia publicou no DOG do 8 de maio de 2026 a convocatoria de subvencións para proxectos estratéxicos de concellos (código PR486E), cun prazo dun mes (remata arredor do 8 de xuño de 2026). Esta convocatoria permite expresamente a



presentación de proxectos conxuntos entre concellos a través de convenio.

3. O proxecto que necesitamos ronda os 700.000 €, e supera o mínimo exixido (400.000 €), de maneira que o feito de ser compartido reforza o seu carácter supramunicipal, requisito indispensable para ser considerado "estratéxico" e obter a subvención do 50% do custo (ata 500.000 €).
4. Existe un interese público superior en non perder esta oportunidade de financiamento, sendo indispensable que ambos concellos actúen de forma coordinada e leal, tal e como acordaron.
5. Ante a información dunha posible reticencia do Concello de Boqueixón, este grupo municipal considera que o Concello de Vedra debe actuar con responsabilidade, reclamando o cumprimento dos acordos previos e, se é necesario, explorar fórmulas alternativas para non quedar fóra da convocatoria.

POLO TANTO, O GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE VEDRA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE VEDRA A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE

3. ACORDOS

PRIMEIRO. Reclamar o cumprimento do acordo con Boqueixón.

Instar ao goberno local de Vedra a que se dirixa oficialmente ao concello de Boqueixón, por rexistro e con acuse de recibo, para:

- a) Recordar a existencia e vixencia do acordo plenario compartido para a construción do centro de día e miniresidencia.
- b) Esixir a súa participación activa e leal na convocatoria de subvencións PR486E, nos termos acordados.
- c) Convocar unha reunión urxente entre os técnicos e responsables políticos de ambos concellos para articular a presentación conxunta no prazo establecido.

SEGUNDO. Aprobar a presentación do proxecto de forma conxunta.

Autorizar ao Concello de Vedra a presentar, xunto co concello de Boqueixón, a solicitude de subvención ao abeiro do procedemento PR486E, unha vez se formalice o convenio de colaboración entre ambas entidades.

TERCEIRO. Establecer os termos do convenio con Boqueixón (*no caso de que acepte*).

Asinar un convenio de colaboración con Boqueixón de maneira urxente que inclúa, como mínimo:

- Orzamento total: (estimado en 700.000 € tal e como se lle deu publicidade nun xornal o 31 de marzo de 2026).
- Porcentaxe de achega de cada concello ao resto non subvencionado.
- Responsabilidades na xestión e execución do proxecto.
- Titularidade compartida e réxime de uso das instalacións.



CUATRO. Recomendar os requisitos técnicos para o éxito da subvención:

Considérase imprescindible para o éxito da subvención que, na elaboración da documentación, se teñan en conta as seguintes directrices esenciais:

1. Convenio de colaboración asinado por Vedra e Boqueixón como requisito indispensable para a presentación conxunta.
2. Acordos plenarios de ambos concellos aprobando expresamente a participación no proxecto e na solicitude.
3. Proxecto técnico completo da infraestrutura, axustado á normativa de centros de día e mini residencias.
4. Memoria xustificativa do carácter estratéxico que destaque:
 - A repercusión supramunicipal ou comarcal (*atendendo a persoas dependentes de Vedra e Boqueixón, e potencialmente doutros concellos limítrofes*).
 - O desenvolvemento social e territorial (*fixación de poboación, conciliación familiar, loita contra a despoboación no rural*).
 - Que é unha infraestrutura fundamental para a mellora dos servizos sociais.
5. Memoria económica compartida detallando o orzamento total, a porcentaxe de financiamento solicitado á Xunta (50%, ata 500.000 €) e a parte asumida por cada concello.

QUINTO. Presentación en solitario de Vedra e publicidade do desapego de Boqueixón.

No caso de que, transcorridos 5 días naturais desde a notificación oficial a Boqueixón (a través do rexistro de entrada), este concello non responda confirmando a súa participación ou manteña a súa negativa a formalizar o convenio, solicítaselle ao goberno local de Vedra:

- a. Presentar o proxecto en solitario nesta convocatoria de subvencións (código PR486E), adaptando a memoria xustificativa para argumentar o carácter estratéxico e supramunicipal do centro de día e miniresidencia, con base na súa localización estratéxica en San Fins de Sales (preto da N-525 e do límite municipal de Boqueixón) e na súa capacidade para atender tamén a persoas dependentes dese concello mediante un futuro convenio de prestación de servizos.
- b. Dar cumprida publicidade nos medios de comunicación (*prensa escrita, dixitais, radios locais e comarcais, así como nas redes sociais e páxina web do concello de Vedra*) do desapego e falta de colaboración do concello de Boqueixón ao proxecto conxunto para a construción do centro de día e miniresidencia, malia existiren acordos plenarios previos aprobados por ambas as dúas corporacións. Esta publicidade incluírá:
 - O texto íntegro da comunicación remitida a Boqueixón.
 - A data de recepción e a falta de resposta ou negativa expresa.



- As consecuencias desta decisión para a cidadanía de ambos concellos (*perda dunha oportunidade de financiamento, atraso na execución da infraestrutura, etc.*).
- c. Remitir ás entidades sociais e asociacións de veciños un informe detallado da situación, poñendo en valor o interese de Vedra e denunciando a inacción de Boqueixón.
- d. Depositar copias do informe no bar da Casa dos maiores de Vedra, de maneira que sexa accesible e de fácil lectura e comprensión para as persoas maiores que alí se reúnen periodicamente.

SEXTO. Dar publicidade e traslado.

Dar traslado desta moción e dos acordos que se adopten ao Concello de Boqueixón, en proba da vontade compartida (*ou, no seu defecto, do interese supramunicipal do proxecto*).

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que a persoa que substituíu ao Alcalde de Boqueixón na comisión de seguimento non estaba moi informada do tema que se estaba a tratar. Di que o Alcalde dixo na reunión que se ía presentar a unha convocatoria de proxecto municipal de carácter estratéxico. Revisaron as que estaban convocadas para esta anualidade e intúen que é esta que traen na moción. De non ser esta, o resto da moción é perfectamente válida.

A primeira vez que se aproba facer un centro de día en Vedra foi hai 17 anos, no 2009 na época de Odón Cobas. Está convencido que se houbera gobernado o BNG e o PSdeG-PSOE, a día de hoxe o centro de día estaría construído.

En 2011, o Alcalde, como candidato do PP, incluíu no seu programa un centro de día para persoas maiores. Volveu facelo no 2023.

No ano 2020, o BNG e Veciños de Boqueixón, presentaron unha moción que foi aprobada por unanimidade e en 2023 xa tiña que estar o edificio rematado.

Agora existe unha oportunidade única ao acudir a esa convocatoria de proxecto de carácter estratéxico. Insiste en que puntúa máis a presentación de dous concellos xuntos, cun proxecto supramunicipal, que por outro lado foi o que se aprobou nas sesións plenarias de Vedra e Boqueixón.

Solicita que se aprrobe a moción con todos os puntos e se Boqueixón non quere participar, o BNG apoiará ao grupo de goberno para facer escarnio de Boqueixón e axudará a tirar para adiante co proxecto.

Examinou esta convocatoria e outras e a supramunicipalidade é un factor estratéxico do proxecto.

A Presidencia replica que nos antecedentes da moción, no último punto figura “intento de engano por parte do alcalde de Vedra e os representantes do concello de Boqueixón”.

O BNG coloca ese parágrafo e parece que quere dicir que hai un intento de engano por parte do Alcalde de Vedra, co que está en total desacordo. Na comisión de seguimento do outro día xa informou da reunión que tiveron a concelleira de servizos sociais de Vedra e o alcalde co



presidente da Xunta respecto do centro de día. Na mesma o presidente dixo que vía con bos ollos a proposta e trasladoulle que o vían como un proxecto estratéxico e faloulles de que podería ter encaixe nunha próxima convocatoria de subvencións de proxectos estratéxicos vinculados ao fondo de cooperación.

Por outro lado, a moción presentada comeza esixindo, o cal non lle parece correcto e apropiado entre concellos; ademais doutras incongruencias no texto da moción.

Á reunión da comisión de seguimento acudiron dous representantes de Boqueixón e foron bastante claros. Dixeron que unha vez se consiga o financiamento, tomarán a determinación de se entran ou non. A Presidencia xa dixo ese mesmo día na comisión que o concello de Vedra ía participar nesa convocatoria. Boqueixón non vai presentarse a esa convocatoria porque a idea é precisamente facelo de xeito conxunto.

Na convocatoria, as instalacións que máis puntúan son as infraestruturas destinadas a actividades deportivas con 35 puntos. Non coñece ningunha instalación deportiva municipal que sexa de titularidade compartida.

En canto aos acordos da moción, o primeiro e o segundo decaen polo que está a dicir.

Os acordos plenarios ao respecto recollen constituír esa comisión de seguimento, declaracións máis ben xenéricas ou intencións que despois acabarán sendo acordos concretos. Entre elas, no 2020 estaba que nun prazo de 3+1 anos estivera en funcionamento. No retraso influíu, entre outras cousas, o cambio de proxecto, facer un edificio novo, por custe económico, era inviable; polo que se optou por reformar un xa existente.

Boqueixón sempre estivo na mesma liña; que van decidir unha vez estea concedido o financiamento. Vedra sempre dixo que o ían sacar adiante, aínda que fose só.

En calquera caso, cos concellos veciños a relación sempre foi de cordialidade e respecto, non de enviar requirimentos ou esixencias.

A presentación conxunta non é tan sinxela. Xa houbo casos de problemas na presentación, na execución e na xustificación e máxime cando se está a falar dun inmovible de 100% titularidade do concello de Vedra. Os termos do convenio con Boqueixón chegarán no seu momento, que é próximo, neste mesmo ano. Ese réxime de colaboración debe ser equitativo e supervisado polas respectivas secretarías dos dous concellos.

En canto ao punto 4ª dos acordos da moción, parécelle unha falta de respecto ao persoal do concello. Os técnicos municipais saben perfectamente como atender a esa convocatoria e levala a cabo.

Confía en que van conceder a subvención, o que sería o plan A. Pero o grupo de goberno ten un plan B e van sacar o centro de día adiante, sexa sós ou acompañados.

Respecto ao punto 5º dos acordos, pregunta se pretende un enfrontamento con Boqueixón. A colaboración con Boqueixón é en moitos temas e importantes como deportes, servizos sociais, abastecemento, etcétera.



Por todo isto, para o grupo de goberno non ten sentido aprobar esta moción, polo que votarán en contra.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo comparte a necesidade de que Vedra conte cun centro de día, porque é unha demanda real e social que necesitan as persoas maiores de Vedra e é indispensable para a conciliación laboral e familiar.

Tamén coinciden en aproveitar todas as oportunidades de financiamento posible e considera que a colaboración entre concellos é positiva e beneficiosa. Non está de acordo en que a defensa do proxecto do centro de día se use para unha confrontación política.

Na comisión de seguimento, Boqueixón non se tomou posición, pero tampouco dixo que non. Aposta por traballar con lealdade institucional e diálogo para buscar un acordo con Boqueixón sen imposicións nin ultimatós e garantir que Vedra presente o proxecto sexa en conxunto ou de xeito individual.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, acláralle á voceira do PSdeG-PSOE, que se non hai convenio, é todo de Vedra, non colaboran. Vedra pon o terreo, pon o edificio asume o risco e endebedase. Boqueixón só se beneficia.

O orzamento son 700.000 €, Vedra ten que pór 350.000 €. Se Boqueixón entra no convenio só tería que pór Vedra 175.000 €.

Con esta moción tenta poñer en valor unha moción aprobada hai cinco anos, na que se lle deu fundamento político. Non é normal non facerlle caso nestes anos e que non se comprometa Boqueixón. Se iso acontece, o máis normal é que os veciños de Vedra saiban que Boqueixón non cumpriu a súa parte.

O traballo da oposición e fiscalizar o que fai o grupo de goberno, non facerlle o seu traballo.

Se a Presidencia ten un plan B, como afirma, debería explicalo.

A moción ten un carácter técnico porque nela participou unha empresa especializada nestes temas e que indicou que sen a supramunicipalidade demostrada vai haber problemas e explicala sen un convenio é moi complicado.

O alcalde de Boqueixón ten poder dentro do seu partido, e o de Vedra non o ten. Iso preocúpalle porque para o alcalde de Vedra ten máis importancia o seu partido que os veciños de Vedra.

A Presidencia pregunta que ten que ver o partido neste tema, de si Boqueixón participa ou non. Cre que terá que ver o que decidan os veciños.

O grupo de goberno traballa en todos os escenarios posibles para sacar isto adiante e como alcalde é o primeiro interesado en que Boqueixón participe no centro de día, porque non é o mesmo que Vedra achegue o 50% que achegue o 25%.

Dille ao Sr. Pose Rodríguez, que se Boqueixón non participa, o BNG debería dicirlle aos deputados que ten na Deputación, onde goberna o seu partido, que aprobasen unha subvención



nominativa para complementar o custo que non vai por Boqueixón. Confía en que Boqueixón si vai participar e en réxime de igualdade.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, aclara que o concello recibe do Estado o financiamento que lle corresponde e o resto vén da Deputación. Pregunta se lle parece pouco financiamento o 40% que achega a Deputación.

Posta a votación rexéitase con oito votos en contra do PP, tres votos a favor do BNG e dúas abstencións do PSdeG-PSOE.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía (do 01/04/2026 ao 21/05/2026)

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía aprobadas no período entre o 01/04/2026 e o 21/05/2026 comprendidas nos números 341 – 523.

O pleno dáse por informado.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre se está solucionado o tema do streaming dos plenos, di que xa está arranxado.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a cantas vacantes quedaron na Escola Infantil Municipal unha vez rematado o prazo de solicitude, a Presidencia di que na aula de 0-1 hai 5 prazas libres e unha en reserva. Na aula mixta, hai 7 prazas libres e 2 en reserva.

Agora mesmo hai entre 4 ou 5 solicitudes presentadas fóra de prazo que teñen que baremar en xullo. Aínda así vai quedar algunha praza libre.

2º.- Sobre que se inste á Consellería de Sanidade a que reconsidere as medidas adoptadas para poder recuperar a atención sanitaria dos sábados no centro de saúde, di que xa está respondida na moción debatida no día de hoxe.

3º.- Respecto a que se inste á Consellería de Educación a que envíe un profesor de pedagogía terapéutica no CEIP de Ortigueira, a Presidencia di que están traballando nese tema.

7.- Rogos e preguntas:

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- A praza da escola unitaria de San Miguel non saíu a concurso este ano e está ocupada por un interino e iso é un perigo para a supervivencia da escola unitaria. É o principio para que eliminen esa praza e por tanto a escola unitaria.

Roga que se lle solicite á consellería que na próxima convocatoria saia esa praza porque diso depende a supervivencia da escola unitaria.

2º.- Solicita que se faga unha revisión dos furanchos existentes en Vedra para delimitar os espazos de aparcamento con liñas amarelas para evitar conflitos cos veciños.

3º.- Pregunta cando consideran que se vai convocar a mesa de contratación do centro de saúde.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos.